



BOP

VENRES, 5 DE DICIEMBRE DE 2025

N.º 280

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2025 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA CONXUNTA (COTA XERAL E COTA RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE) E BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE AUXILIAR DE SALA, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 28 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de auxiliar de sala para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2025 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

*Por todo o anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º Aprobado a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Auxiliar de Sala (unha da cota xeral e outra da cota de reserva a persoas con discapacidade), grupo C - subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º Que as persoas candidatas se podan participar nunha das dúas modalidades. No suposto da listaxe da cota de reserva a persoas con discapacidade esta acumularase á listaxe da cota xeral pola súa orde de puntuación, resultado unha única listaxe do proceso selectivo.

3º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025).

4º Aprobado as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

5º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

6º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados na base xeral 3.

7º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso -

Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DA LISTAXE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE AUXILIAR DE SALA, COTA XERAL E COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, GRUPO C - SUBGRUPO C2.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	COTA	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
AUXILIAR DE SALA	COTA XERAL E COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE	C / C2	Á Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo ou as distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais dos requisitos esixidos na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Graduado/a en Educación Secundaria Obligatoria (ESO) ou equivalente.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

6. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN (Complemento da base xeral 5)

As persoas aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33%, só poderán presentar unha solicitude de participación, indicando a cota pola que desexan participar e se solicitan adaptación das probas (base xeral 8.1.4.6).

7. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES (Complemento da base xeral 6)

Realizarase unha listaxe de persoas admitidas e excluídas por cada unha das quendas. De non figurar na solicitude de participación a cota pola que desexan participar, incluíranse por defecto na cota xeral.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN (Complemento da base xeral 8)

A orde de realización das probas será determinada polo Tribunal.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións a cada un dos exercicios no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na web corporativa da Deputación de Lugo - (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade. Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

De non presentarse alegacións, ou no suposto de presentarse non estimarse, as puntuacións provisionais consideraranse definitivas sen necesidade de nova publicación.

9. CUALIFICACIÓN FINAL, ORDE DA LISTAXE E PROPOSTA DO TRIBUNAL (Complemento da base xeral 9 e 10)

Finalizado o procedemento selectivo, o Tribunal elaborará e propondrá unha única listaxe de persoas aspirantes, por orde de puntuación, indicando a cota pola que participan.

10. INCORPORACIÓN DE EFECTIVOS (Complemento da base xeral 12)

Ao existir unha listaxe única, os chamamentos para cubrir incorporacións, realizaranse pola orde de puntuación, independentemente da cota pola que participaron.

Cando xurda a necesidade de incorporación de efectivos vinculados a prazas reservadas a persoas con discapacidade, os chamamentos realizaranse pola orde de puntuación unicamente a aquelas persoas aspirantes que participaron por dita cota.

11. PROGRAMA**A) MATERIAS COMÚNS**

1.- A Constitución Española. Principios xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo: as súas competencias e organización.

2.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos/as.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

3.- A Rede Museística da Deputación de Lugo. Historia dos museos que a integran e das coleccións que albergan. Peculiaridades de cada un dos catros museos e estratexias de mediación e intercomunicación coas respectivas contornas, nas canles presencial, electrónica e telefónica.

4.- A Rede Museística da Deputación de Lugo como referente da Museoloxía Social. Os Museos inclusivos e sociais. Pautas para a atención a visitantes individuais ou a colectivos con dificultades cognitivas e de exclusión social.

5.- O/a auxiliar de sala como dinamizador/a e mediador/a cultural: A atención e información ás persoas visitantes individuais e en grupo nas canles presencial, electrónica e telefónica. As visitas guiadas/mediadas a grupos e colectivos en xeral. Visitas guiadas adaptadas para persoas con discapacidade. O/a auxiliar de sala como axente de apoio na seguridade e na conservación preventiva nos museos e outras colaboracións. A vixilancia activa das salas/museos. Control de acceso, apertura e peche dos museos.

6.- A historia e contidos das coleccións de Belas Artes dos catro museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

7.- A historia e contidos das coleccións de Etnografía dos catro museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

8.- A historia e contidos das coleccións de Artes Decorativas dos museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

9.- A historia e contidos das coleccións de Arqueoloxía dos museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

10.- Elaboración de accións e actividades didácticas. Vinculación comunidade, museo e territorio nos catro museos da Rede Museística Provincial.

Lugo, 1 de decembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3403

CONCELLOS**CERVO***Anuncio*

NOMEAMENTO DUN ENCARGADO DE OBRAS COMO PERSOAL LABORAL FIXO. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE CERVO PARA O EXERCICIO 2023.

De conformidade co establecido na cláusula décima das bases que regulan o proceso de selección para a cobertura dunha praza de encargado/a de obras, persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso – oposición, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Cervo para o exercicio 2023, aprobada por Resolución da Alcaldía nº 1291/2023, de data 22 de decembro de 2023, e publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 296, de data 28 de decembro de 2023, faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2025-1233, de data 02/12/2025, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de ENCARGADO DE OBRAS do concello de Cervo, grupo profesional C2, xornada a tempo completo, ao seguinte aspirante:

José Enrique Pinheiro Arias, con NIF **8838***.

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da notificación da proposta e a publicación da mesma na sede electrónica do Concello de Cervo [<http://cervo.sedelectronica.es>].

Cervo, 2 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3419

FOZ

Anuncio

Logo de aprobar o expediente de aprobación de plan económico financeiro, en cumprimento do establecido no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, faise pública a aprobación do mesmo para o seu xeral coñecemento, o cal estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta Entidade Local [<http://concellodefz.sedelectronica.es>].

Foz, 27 de novembro de 2025.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3387

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo da Escola Municipal de Música correspondente as matrículas e liquidacións do primeiro semestre do curso 2025/26, que comprende un total de 61 recibos por un importe de 4.035,00 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo da Escola Municipal de Música correspondentes as matrículas e liquidacións do primeiro semestre do curso 2025/26, terá lugar dende o día 01/12/2025 ao 02/02/2026 (ambos incluídos).

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 24 de novembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3389

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CENTRO DE DÍA “CASA DO CAPATAZ” DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 1826/2017

Aprobado inicialmente a modificación do Regulamento do Centro de Día “Casa do Capataz” do Concello de Guitiriz, por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 27/11/2025, e en cumprimento do

disposto nos artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a modificación do regulamento considerárase aprobado definitivamente.

Guitiriz, 28 de novembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3390

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 909/2024

Aprobado inicialmente a Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social do Concello de Guitiriz, por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 27/11/2025, e en cumprimento do disposto nos artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a ordenanza considerárase aprobada definitivamente.

Guitiriz, 28 de novembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3391

LOURENZÁ

Anuncio

Bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de : Un/ha tractorista, un/ha Oficial 1ª Carpintería e dous/dúas peóns de limpeza, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025)

Por Resolución da Alcaldía de data 02/12/2025 apróbase a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: un/ha tractorista, un/ha Oficial 1ª Carpintería e dous/dúas peóns de limpeza, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025).

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 2 de decembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 3420

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 26 de 2025, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **30 de outubro de 2025** polo importe de **cento sesenta e nove mil douscentos oitenta e catro euros con setenta e cinco céntimos (169.284,75)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que,

despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1	Gastos de Persoal	2.445.329,33
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	1.266.003,38
Cap. 3	Gastos Financeiros	10.458,21
Cap. 4	Transferencias Correntes	80.946,06
Cap. 6	Inversións Reais	568.779,11
Cap. 7	Transferencias de Capital	91.741,56
Cap. 9	Pasivos Financeiros	205.227,95

SUMA TOTAL4.668.485,60 euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 28 de novembro de 2025.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 3393

OUTEIRO DE REI

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 30 de outubro de 2025, sobre o expediente de suplemento de créditos núm. 1/2025, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, como segue a continuación:

Clasificación económica – Resume xeral			
A.- OPERACIÓNS CORRENTES			
Cap.	Descrición	Consignacións iniciais	Consignacións definitivas
1	GASTOS DE PERSOAL	1.554.690,66	1.554.690,66
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERV.	3.649.266,04	3.999.266,04
3	GASTOS FINANCEIROS	72.000,00	72.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	293.130,98	293.130,98
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMP.	0,00	0,00
	Total operacións correntes	5.569.087,68	5.919.087,68
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL			
Cap.	Descrición	Consignacións iniciais	Consignacións definitivas
6	INVERSIÓN REAIS	3.248.451,23	3.593.451,23
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	133.915,78	253.915,78
	Total operacións de Capital	3.382.367,01	3.847.367,01
	Total orzamento	8.951.454,69	9.766.454,69

	Clasificación económica – Resume xeral		
	A.- OPERACIÓNS CORRENTES	Consignacións iniciais	Consignacións definitivas
Cap.	Descrición		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.651.000,00	1.651.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	220.000,00	220.000,00
3	TASAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS ING.	2.883.558,54	2.883.558,54
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.904.252,71	2.904.252,71
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	0,00
	Total operacións correntes	7.658.811,25	7.658.811,25
	B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
Cap.	Descrición	Consignacións iniciais	Consignacións definitivas
6	ENAXENACION DE INVERSIÓNS REAIS	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.292.643,44	1.292.643,44
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	815.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
	Total operacións de Capital	1.292.643,44	2.107.643,44
	Total orzamento	8.951.454,69	9.766.454,69

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, na forma e prazo establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a interposición do devandito recurso non supenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Outeiro de Rei, 1 de decembro de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3421

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 8

Logo de instruír polos servizos competentes desta Entidade, expediente de aprobación da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBAS DE SIL (NÚMERO 8), o Pleno desta Entidade, en sesión ordinaria de data 28/11/2025, acordou a aprobación provisional da referida modificación da ordenanza.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello:

<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/board>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Ribas de Sil, 2 de decembro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 3422

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 10

Logo de instruír polos servizos competentes desta Entidade, expediente de aprobación da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA E DEREITOS DE ENGANCHE Á REDE (NÚMERO 10), o Pleno desta Entidade, en sesión ordinaria de data 28/11/2025, acordou a aprobación provisional da referida modificación da ordenanza.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello:

<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/board>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Ribas de Sil, 2 de decembro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 3423